



ENTREVISTAS #EQUIPO GALARIA

"O noso obxectivo é poñer o foco no paciente oncolóxico promovendo unha atención global"



Patricia Willis

Xefa de servizo de Oncoloxía Radioterápica

A doutora Willis afronta unha nova etapa á fronte de Oncoloxía Radioterápica, unha unidade de referencia "con gran calidade asistencial e humana", que destaca pola innovación constante e produción investigadora. Grazas ao esforzo dun equipo de 70 persoas, "controlamos o proceso dende o principio ata o final e abordamos o tratamento do cancro dende diferentes perspectivas, non só desde o punto de vista técnico e asistencial", explica.

Doutora Willis, para comezar, a pregunta é inevitable. Que significa para ti estar á fronte de Oncoloxía Radioterápica e coller o relevo do Dr. Muñoz?

Para min é unha gran responsabilidade e, ao mesmo tempo, unha gran oportunidade. É moi importante poñer en valor o traballo realizado polo Dr. Muñoz durante máis de 30 anos, porque grazas ao seu esforzo e ao de todo o equipo foi posible consolidar o servizo no que é hoxe en día, unha unidade de referencia, cunha gran calidade asistencial e humana.

A partir de aquí, o meu obxectivo é dar continuidade a ese legado e seguir avanzando, incorporando novos proxectos e novas tecnoloxías, que nos permitan mellorar aínda máis a atención aos pacientes. Pero, por riba de todo, quero seguir poñendo o foco nas persoas, no seu benestar e en ofrecer unha atención cada vez máis humana e personalizada durante todo o proceso.

Cales son os obxectivos marcados nesta nova etapa?

Os meus obxectivos nesta nova etapa céntranse en tres aspectos fundamentais. Por unha banda, seguir impulsando a innovación para poder ofrecer tratamentos cada vez máis precisos e personalizados. Por outra, fortalecer a investigación e a colaboración con outros centros, tanto a nivel nacional como internacional, formando partes de proxectos multicéntricos e de sociedades científicas e como obxectivo prioritario poner o foco na calidade de vida do paciente oncolóxico e da súa familia promovendo unha atención global.





Parte do equipo de Obncoloxía Radioterápica no Hospital Meixoeiro

En Oncoloxía Radioterápica contades cun equipo moi heteroxéneo. Como é a organización interna e cantas persoas formades parte do servizo?

Somos un equipo multidisciplinar no que participan oncólogos radioterápicos, radiofísicos, técnicos superiores en Radioterapia, persoal de enfermaría, TCAE, Celadores, psicóloga, traballadora social e persoal administrativo. Somos unhas 70 persoas traballando para que todo o tratamento radioterápico funcione. Non é unha tarefa doada, xa que supón un gran esforzo de coordinación no propio servizo e con outros servizos do hospital e hospitais remitentes, pero que permite controlar o proceso dende o principio ata o final e abordar o tratamento do cancro dende diferentes perspectivas, non só desde o punto de vista técnico e asistencial.

Tedes unha marcada orientación ao paciente e apostades pola humanización nas instalacións e situades ás persoas no centro, sendo referentes en facerlles as visitas hospitalarias moito más agradables. Que destacarías neste aspecto?

Levamos anos traballando na humanización da asistencia. Contamos cun servizo renovado, con acceso exterior independente para pacientes ambulatorios ou que precisan padiola. A decoración foi deseñada para lograr un espazo diáfano e que transmita tranquilidade. Sabemos que non tratamos só unha enfermidade, tratamos persoas que están pasando por un momento moi difícil das súas vidas. Por iso, a humanización complementase cunha atención personalizada e integral tanto en coidados clínicos como en apoio da saúde mental e o apoio social coa presenza dunha psicóloga e unha traballadora social.

Os tratamentos avanzaron moito e a innovación permite que sexan máis precisos e con menor toxicidade. Ademais, sodes pioneiros en braquiterapia. En qué tipo de cancros pode ser útil?

É especialmente útil en cancros como o de próstata, tumores xinecolóxicos —como cervix ou endometrio—, determinados casos de mama e tamén en tumores cutáneos. No noso caso, contamos cunha ampla experiencia, xa que levamos moitos anos desenvolvendo esta técnica, o que nos permite realizar tratamentos braquiterápicos complexos, como a braquiterapia de rescate na que somos referencia.

A Unidade está en constante innovación e contades con catro aceleradores lineais, o que precisa de formación continua dos vosos profesionais. Cales son os principais desafíos e como os afrontades?

O principal desafío é adaptarse a unha tecnoloxía en constante evolución. A Oncoloxía Radioterápica é unha especialidade en constante cambio, na que a innovación avanza rapidamente. É por tanto moi importante a formación continuada dos profesionais, así como o traballo en equipo para incorporar novas técnicas e ofrecer ós pacientes tratamentos cada vez mellores.

Ademais da formación, destacades pola vosa produción investigadora e sodes moi activos en publicacións e na participación en simposios e congresos. Recentemente, a European Society for Radiotherapy and Oncology destacou un estudo no que participas centrado no tratamento mediante braquiterapia de rescate en pacientes con recaídas en cancro de próstata. Poderías contarnos un pouco máis do valor das vosas investigacións?

A investigación é unha parte moi importante da nosa actividade. Ademais do traballo asistencial do día a día, participamos activamente en estudos multicéntricos e en colaboracións tanto nacionais como internacionais, porque cremos que investigar tamén é unha maneira de mellorar a atención aos pacientes.

Recentemente, a European Society for Radiotherapy and Oncology destacou un estudo multicéntrico impulsado polo noso servizo sobre braquiterapia de rescate en cancro de próstata. Este traballo amosa que, cunha boa selección dos pacientes, pódense conseguir bos resultados oncolóxicos mantendo unha toxicidade asumible. Ademais, este tipo de proxectos axúdannos a consolidar ao servizo como un referente en técnicas avanzadas de braquiterapia e investigación clínica.

Por último, como te definirías no teu traballo e que significa pertencer a Galaria?

Definiríame como unha profesional moi implicada co seu traballo, cunha gran inquietude investigadora e, sobre todo, moi comprometida co traballo en equipo. Pertencer a Galaria significa formar parte dun modelo sanitario público que aposta pola calidade e pola innovación. Para min, é unha oportunidade de seguir medrando como profesional e de continuar traballando para ofrecer a mellor atención posible aos pacientes.